

Alejo Diz Jurado, médico tudense, impulsor do seguro de enfermidade

Bugarín González, Rosendo¹; Bugarín Diz, Carmen²

Cad Aten Primaria
Ano 2015
Volume 21
Páx. 74 - 76

1 MÉDICO DE FAMILIA. ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA. USC. EOXI DE LUGO, CERVO E MONFORTE.

2 ESTUDANTE DE CIENCIAS BIOMÉDICAS. FACULDADE DE MEDICINA. UDL

O doutor Alejo Diz Jurado foi un destacado médico de cabeceira no primeiro terzo do século XX (Figura 1). O seu exercicio profesional levouno a cabo en Tui onde tamén mantivo unha comprometida actividade política, chegando a ser alcalde desa vila entre 1918 e 1922. Nos anos trinta, un proxecto nacional subvencionou a súa estancia en Dinamarca para levar a cabo unha investigación sobre o seguro de enfermidade que posteriormente explicou, mediante publicacións e ponencias en congresos, por distintos puntos da xeografía española, xerando un amplo debate dentro da clase médica.

NACEMENTO, MATRIMONIO E FAMILIA

Naceu en Tui o 23 de setembro de 1885. Os seus pais, Gerarda e Ignacio, tiñan un comercio na devandita vila. Estudou o bacharelato nos Xesuítas do Colexio de Santiago Apóstolo de Camposancos (A Guarda)¹.

Casou o 8 de decembro de 1915 con Concepción Rodríguez Caballero e tiveron seis fillos que se chamaron Ignacio, Emilio, Concepción, Alejo e Avelino. Un dos fillos faleceu en 1919, recién nacido, feito que recolleu a prensa da época²: "...a caixa foi conducida polos nenos Miguel Cuervo, Manolo López e Adolfo e Manolo Chamorro...".

ESTUDIOS DE MEDICINA E ACTIVIDADE PROFESIONAL

Finalizou os estudos de medicina na Universidade de Santiago de Compostela no ano 1907. Realizou a súa tese de doutoramento, titulada *La Insuficiencia Ureogénica*³, na Universidade Central de Madrid, en 1912, sendo dirixida por dous dos farmacéuticos mais prestixiosos da época, Rodríguez Carracido, catedrático de Farmacia, considerado o pioneiro da bioquímica en España e Torres Canal, director do Laboratorio Municipal de Madrid.

En 1918, na súa dobre vertente de alcalde e médico, ten que enfrontarse, xunto cos seus colegas Álvarez Limeses, Fernández Vila e Bugarín Comesaña, á tremenda pandemia mal chamada gripe española⁴.

En 1925 toma posesión do cargo de médico titular xunto con Darío Álvarez Limeses, pai do escritor Xosé María Álvarez Blázquez. Ambos



FIGURA 1: Alejo Diz Jurado

os dous galenos foron nomeados pola Comisión Permanente do concello de Tui tras un concurso de méritos no que se presentaron 22 aspirantes⁵.

A finais do mesmo ano foi elixido vocal da Xunta Directiva do Colexio Médico cuxo presidente era José Loureiro Crespo⁶.

Dous anos despois obtén o nomeamento de inspector municipal de sanidade.

A piques de rematar a década dos anos vinte o "fenómeno Asuero" tamén tivo influencia nos médicos tudenses de tal xeito que o propio Faro de Vigo recolle que o doutor Diz "practica o procedemento da reflexoterapia"⁷.

Na Asamblea de Representantes de la Asociación Nacional de Inspectores Municipales de Sanidad, celebrada en Córdoba, en 1930,

foi nomeado o representante da provincia de Pontevedra⁸. En 1931 a Dirección General de Seguridad, designouno, para prestar os servizos médicos á policía gubernativa da fronteira, feito que tamén se recolleu nos medios de comunicación⁹.

Na celebración das vodas de prata da súa promoción (Figura 2), don Alejo tivo un papel preponderante. Tal como recollen as crónicas, foi un dos encargados de pronunciar o discurso de benvinda no que recordou emocionadamente aos seus mestres. Por suposto, fixo un grande eloxio dos méritos do seu compañeiro de promoción, e amigo, o egrexio catedrático Roberto Novoa Santos^{10,11}.



FIGURA 1: Vodas de prata da promoción de 1907 (Alejo Diz Jurado ocupa o cuarto posto pola dereita na fila do medio. Na mesma fila, o terceiro pola esquerda é Roberto Novoa Santos)

Porén, pensamos que o feito mais salientable da súa biografía profesional é a estancia, pola encomenda do Consejo General de Colegios Médicos de España, nos anos trinta, en Dinamarca para investigar, xunto con Joaquín Ruiz Heras, médico de Carabanchel, os sistemas de aseguramento sanitario en Centroeuropa e así valorar as posibilidades de implantación no noso país (Figura 3). Una vez elaborado o informe, viaxaron por toda España, explicando as vantaxes e inconvenientes do seguro de enfermidade, sendo eles claramente partidarios da súa implantación. Algunhas conclusións daqueles informes foron, por exemplo, a constatación de que a asistencia sanitaria da época non satisfacía aos obreiros nin aos médicos que a practicaban ou ben que os organismos encargados da administración do Seguro deberían reunir a maior solvencia moral e científica¹²⁻¹⁵.

ACTIVIDADE E PENSAMENTO POLÍTICO

As súas inxerencias políticas xa se remontan á súa etapa de estudante universitario. En efecto, está documentado que en torno aos anos 1904-1905 formou parte, con Novoa Santos, dun grupo de afinidade anarquista¹⁶.

Foi alcalde de Tui á idade de 33 anos. Previamente ocupara o cargo de tenente de alcalde e continuou sendo concelleiro, despois de deixar a alcaldía, durante os anos 1922-1923. Estivo afiliado ao partido Izquierda Republicana¹⁷.

Formou parte dos colaboradores da revista política de carácter satírico La Tetera, na que firmaba co pseudónimo "Crítico B" escribindo, con gran habilidade, versos sarcásticos nos que ridiculizaba aos políticos conservadores¹.

Morreu, trala sublevación militar de 1936, o día 30 de outubro, salvaxemente fusilado. O seu compromiso social resúmese, simplemente, coa denominación pola que os seus pacientes o coñecían naquela época: "o médico dos pobres".



FIGURA 3: Alejo Diz Jurado (primeiro pola esquerda) en Copenhague. O acompaña Joaquín Ruiz Heras.

BIBLIOGRAFÍA

1. Añoveros Trías de Bes X, Martínez Gamallo L. Los alcaldes de Tui del siglo XX. Tui: Xuvia. 2008; pp. 67-72.
2. Tuy. Faro de Vigo. Vigo, 26 de julio de 1919. p. 1.
3. Diz Jurado A. La insuficiencia ureogénica. Tui: Tipografía Regional; 1922.
4. La grippe en Galicia. La Integridad. Tuy, 8 de octubre de 1918. p. 2.
5. Tuy. Faro de Vigo. Vigo, 14 de agosto de 1925. p. 3.
6. Colegio Médico Provincial. Faro de Vigo. Vigo, 31 de diciembre de 1925. p. 1.
7. García Sánchez. La práctica del procedimiento Asuero en Galicia. Faro de Vigo. Vigo, 9 de junio de 1929. p. 4.
8. Llopis JM. Crónica de la Asamblea de Inspectores Municipales. España Médica. 1930, 601: 18.
9. Tuy. Faro de Vigo. Vigo, 3 de febrero de 1931. p. 11.
10. Crónica de Santiago. Faro de Vigo. Vigo, 28 de diciembre de 1932. p. 6.
11. En Santiago. Bodas de plata de la promoción de médicos que salió de esta universidad en 1907. En ella figura el Dr. Roberto NÓVOA Santos. España Médica. 1933; 628: 7-8.
12. Diz Jurado A, Ruiz Heras J. El seguro social de enfermedad en el medio rural. Guía Oficial y Libro de Ponencias. III Congreso Nacional de Sanidad Municipal. Granada. 1935; pp. 125-136.

13. Diz Jurado A. Seguro social de enfermedad. Pro y contra del Seguro para los enfermos y para los médicos. La casa del Médico. 1935; 15: 5-10.
14. Ocharán E. I Congreso Español Pro-Médico. Zaragoza. Vida Médica. 1935; 473: 12-18.
15. Navarro Blasco A. Acerca del seguro obligatorio de enfermedad. Hay que seguir machacando. Vida médica. 1935; 475: 4-5.
16. Martí Boscà JV, Rey González A, Fernández A, Simón Lorda D. El Sindicato de Sanidad de Santiago de Compostela, 1931-36. Una experiencia frustrada. Ferrol Análisis. Revista de Pensamiento y Cultura. 2007; 22: pp. 224-235.
17. Simón Lorda D. Recuperando a memoria (histórica) na sanidade galega (IV): Galenos de Galicia: Guerra Civil e represión polo franquismo. Cad Aten Primaria. 2012; 18: 84-90.